



CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE NOIA E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

ANO 2024

En Noia, a 30 de decembro de 2024

REUNIDOS

Dunha banda, Dna. María Luísa Villar Ageitos, con DNI 33253270P, Concelleira de Sevicios Sociais, Benestar, Igualdade e Conciliación do Concello de Noia, en representación de dita entidade, con CIF P1505800A.

E doutra, Juan Antonio González Pérez, con DNI 76987132Z, Alcalde do Concello de Nigrán e Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, en diante Fondo Galego, con CIF G15629629, cargo que exerce na actualidade en nome e representación da mencionada entidade.

Interveñen, ambas partes, na respectiva representación que ostentan e recoñecéndose plena capacidade legal e lexitimación para subscribir o presente Convenio.

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Noia é socio de pleno dereito do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade desde o ano 1999, a través do que canaliza a súa acción exterior en materia de cooperación ao desenvolvemento.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das súas liñas estratéxicas, manifesta o seu compromiso de promover a cooperación ao desenvolvemento no seu municipio.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación obxecto desta actuación, e a existencia de crédito suficiente nos orzamentos municipais, o Concello de Noia ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade idónea para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.





Dada a especificidade do colectivo, a falta de entidades especializadas en traballar con el e que conten con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

Segundo. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, de conformidade cos seus Estatutos, é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e independente e con plena capacidade xurídica e de obrar. Actualmente agrupa a 111 administracións locais, 108 concellos e 3 deputacións, conformándose como a rede sectorial máis numerosa do municipalismo galego.

Segundo o artigo 15 dos seus Estatutos a súa Comisión Executiva exercerá, entre outras, a atribución de formalizar os oportunos contratos, convenios e demais actos necesarios para a actividade do Fondo Galego de Solidariedade.

Pola súa banda, o art. 22.1 sinala que a persoa que ostenta a Presidencia da Comisión Executiva representa a asociación perante todos os organismos.

Entre os seus fins, recollidos nos seus estatutos, atópanse os seguintes:

- a. Contribuír, desde as administracións locais galegas, ao desenvolvemento dos países e comunidades empobrecidas para promover cambios positivos e sostibles nas condicións de vida que contribúan á plena realización dos Dereitos Humanos Universais.
- b. Promover unhas administracións locais e unha cidadanía galega sensibilizadas, concienciadas e comprometidas coas políticas e accións de cooperación ao desenvolvemento, co obxecto de favorecer unha maior comprensión da realidade dos países empobrecidos, da necesidade dun compromiso ético na loita contra as desigualdades e a prol dunha maior equidade a nivel global.
- c. Promover e posibilitar que todas as administracións locais galegas poidan impulsar e/ou ser partícipes de accións e políticas de cooperación ao desenvolvemento, potenciando a coordinación das mesmas.
- d. Defender, reivindicar e visibilizar a cooperación ao desenvolvemento, especialmente a impulsada polas administracións locais galegas, ante todo tipo de organismos e institucións.
- e. Procurar que progresivamente as administracións locais galegas que formalicen o seu compromiso con políticas de cooperación ao desenvolvemento incrementen os seus respectivos orzamentos para este fin.





- f. Promover programas de voluntariado nacionais e/ou internacionais co obxecto de contribuir á solidariedade entre os pobos.
- g. Calquera outro obxectivo de similar natureza que non sexa contrario á normativa legal vixente en cada momento.

Terceiro. Que os Estados membros da ONU adoptaron a finais de 2015 os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible co fin de erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas nun prazo de quince anos, de aí que tamén se lles coñeza como Axenda 2030. Os ODS incorporan metas relativas á loita contra a fame, o acceso á saúde e a educación, a igualdade de xénero ou o coidado do planeta. Todas elas inclúen indicadores que entroncan coas competencias locais, de aí que as administracións locais teñan un papel chave na súa consecución. Deste xeito, as administracións locais poden e deben tomar medidas para acadar os ODS na súa contorna, aliñando as súas políticas coa Axenda 2030, e tamén poden contribuir á súa consecución nos lugares máis desfavorecidos a través da cooperación internacional.

Cuarto. Que a Lei de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global, aprobada na pasada anualidade 2023, fortalece e recoñece o papel da cooperación descentralizada e, dentro desta, da cooperación municipalista. Os Fondos de Cooperación aparecen mencionados como actores clave para a coordinación e impulso da cooperación ao desenvolvemento realizada desde o ámbito local. Dita Lei tamén esixe un compromiso maior por parte de todas as administracións do Estado en materia de cooperación ao desenvolvemento para o cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible a nivel global.

Quinto. Que durante os seus 27 anos de andaina, o Fondo Galego tense consolidado como unha ferramenta da administración local galega non só para a execución de proxectos de cooperación internacional nos países do Sur Global, senón tamén para impulsar múltiples actividades de sensibilización en Galicia que incorporan á axenda local a defensa e promoción dos Dereitos Humanos, así como a Axenda 2030.

Sexto. Que ambas partes reafirman a idoneidade e valor cualitativo do espazo local como eido para fomentar a conciencia e o compromiso cívico coa erradicación da pobreza e o fomento da igualdade e a xustiza social a nivel global.

Por todo o anteriormente exposto, ambas partes acordan subscribir o presente Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS





PRIMEIRA. Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións palas que se rexerá a colaboración entre o concello de Noia e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade no proxecto denominado "Deporte e Empoderamento en Nhamayabue".

O proxecto Deporte e Empoderamento en Nhamayabue xorde da experiencia previa da entidade a través do programa de cooperación técnica "Especialistas en Cooperar", a través do que Néstor Romero, técnico de deportes de Lousame e veciño de Noia, realizou dúas estadias na vila mozambicana, nos anos 2022 e 2023, para realizar asistencias técnicas relacionadas co deporte no municipio, como ferramenta para o cambio social.

Tras estes dous anos de traballo, foron conseguidos algúns logros:

- Conformación do equipo feminino de fútbol de Nhamayabue e organización do primeiro partido amigable cun equipo dunha poboación limítrofe.
- Formacións ao profesorado de educación física dos centros de ensino e dotación de material deportivo a cada escola, facendo entrega dun balón de baloncesto, unha rede de bádminton, 4 raquetas de bádminton e volantes, unha rede de voleibol, un balón de voleibol e un xogo de xadrez.
- Organización e realización do I Campionato Escolar de Atletismo "Fondo Galego", o cal foi todo un éxito de participación, onde os/as nenos/as participaron en todas as modalidades do atletismo.
- Organización e realización do I Torneo de Fútbol escolar feminino "Fondo Galego", para potenciar a participación feminina no deporte municipal.
- Apoio á creación do Club Atletismo Noia de Nhamayabue, pasando a ser un club federado e competindo a nivel provincial e nacional, e mantendo unha continuidade nos adestramentos dos nenos e nenas da vila.

O proxecto actual ten como obxectivo específico cohesionar á poboación e incidir na redución dos embarazos adolescentes grazas á práctica deportiva como catalizador da superación e empoderamento persoal.

O proxecto terá unha importante compoñente de xénero e municipalista, xa que se tratará de reforzar as competencias municipais vinculadas ao deporte, e contará coa participación de persoal técnico municipal de Galicia para fortalecer as competencias do municipio de Nhamayabue e sensibilizar á poboación na práctica deportiva e na igualdade de xénero.

SEGUNDA. Descrición do convenio.





As principais actividades a realizar no proxecto enmárcanse nos seguintes resultados:

1. As autoridades locais de Nhamayabue resultan sensibles e coñecedoras das potencialidades do deporte como ferramenta de cohesión social e empoderamento persoal.
2. Incrementada a práctica deportiva por parte da mocidade de Nhamayabue, concretamente a das raparigas, e son sensibilizadas sobre educación sexual.
3. Fomento da práctica deportiva desde as escolas municipais, facendo fincapé na participación das nenas.

Para iso levaranse a cabo as seguintes actividades durante o 2024:

- Incentivar a práctica deportiva a través da provisión de materiais.

TERCEIRA. Obrigas.

Son obrigas da entidade Fondo Galego de Cooperación e solidariedade:

- 1) Acreditar antes da aprobación do convenio de colaboración a seguinte documentación:
 - Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.
 - Que a entidade está legalmente constituída.
 - Que nin a entidade nin o/a declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.
 - Memoria das actividades a desenvolver, incluído o presuposto estimativo de gastos e ingresos.





- Declaración responsable do presidente sinalando:
 - Se a entidade ten solicitada/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento desta subvención.
 - A achega de fondos propios.
 - Se existe concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención.
- Declaración responsable do presidente de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.
- 2) Realizar as actividades obxecto deste convenio.
- 3) Presentar a documentación para a xustificación do convenio, con data límite do 31 de marzo do ano seguinte ao do período conveniado:
- 4) Presentación da xustificación de convenio de colaboración.

Outras obrigas:

1. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden ao Concello de Noia.
2. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados polo Concello de Noia.
3. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado polo Concello de Noia e do apoio desta á acción.
4. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito.





CUARTA. Compromiso económico, obrigas e sistema de abono.

O Concello de Noia achegará 1.500,00€ ao proxecto.

O Fondo Galego poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Noia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

Tras a sinatura do presente convenio e previa petición do Fondo Galego, o Concello de Noia, tendo en conta o carácter sen ánimo de lucro da entidade e a non dispoñibilidade doutras fontes de financiamento que permitan iniciar as actividades, concederá un anticipo pola contía máxima da subvención concedida, para afrontar os pagos inmediatos que conleve a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

1. Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin.
2. Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA. Xustificación do proxecto.

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte do Fondo Galega nun prazo máximo de tres meses, a contar desde a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e con data límite do 31 de marzo de 2025.





A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente do Fondo Galego.

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente do Fondo Galego.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor das mesmas, descrición do gasto, importe en euros e a data e forma de pago dos mesmos.
- Facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior. As facturas poderán estar emitidas a nome do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ou do seu parceiro local, que





participa na execución do proxecto, a Cámara municipal da Vila de Nhamayabue.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que o Fondo Galego indique, mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo o Concello de Noia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificadas e motivados poderase aceptar a xustificación do pago en efectivo para importes inferiores a 1.000 €, acompañando xustificante do cobro do provedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Para gastos iguais ou superiores a 1.000 € non poderán aceptarse pagos en efectivo, nin a través de cheque.

SEXTA. Causas de invalidez da resolución de concesión e reintegro.

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.





- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Pola desestimación dalgunha das partes.

De resolverse o convenio, o Concello de Noia poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉPTIMA. Publicidade.

O Fondo Galego obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas da actividade subvencionada (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) o logotipo oficial do Concello de Noia, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención.

OITAVA. Vixencia e extinción.

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o mes de xaneiro de 2024, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA. Vixencia, revisión e resolución.

Vixencia. O presente convenio supón a anulación de calquera convenio de data anterior e terá vixencia dende 01/01/2024 ata o 31/12/2024 referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia, contidas no texto do documento.

Revisión, causas e contidos. O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.

Resolución. Nos casos contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.

DÉCIMA. Protección de datos.





Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Fondo Galego, coa finalidade de xestionar a tramitación da axuda. As bases xurídicas do tratamento son o cumprimento de obriga legal derivada da normativa de subvencións, a obriga contractual contraída coa entidade solicitante e o interese lexítimo do Fondo Galego. Os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, e á consellería competente en materia de economía e facenda. Os datos conservaranse polo período legal esixido polas normativas laboral, fiscal e civil. Ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, Rúa Varsovia, 4C - 6º andar (Área Central), CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña). A autoridade de control competente é a Axencia Española de Protección de Datos.

DÉCIMO PRIMEIRA. Avaliación, seguimento e interpretación.

No caso de detectarse incidencias ou dúbidas no desenvolvemento do convenio, estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:

- A concelleira de Servizos Sociais
- O presidente da entidade Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (ou persoa en quen delegue).

De persistir as incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas será resolta por Resolución de Alcaldía.

DÉCIMO SEGUNDA. Natureza xurídica.

O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de:

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de Administracións Públicas.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público





Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa que sexa de aplicación.

Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Noia.

Bases de execución do orzamento do exercicio 2024.

En proba de conformidade é asinado, por duplicado, en Noia, a 27 de decembro de 2024.

María Luísa Villar Ageitos
Concelleira de Servizos Sociais,
Benestar, Igualdade e Conciliación
Concello de Noia

Juan Antonio González Pérez
Alcalde de Nigrán
Presidente do Fondo Galego

